



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 JUL 2024 15:14:18

Entrada **34809**

Pregunta sobre os proxectos de eólica maríña a instalar en augas galegas

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas a proxectos de parques eólicos a instalar na costa galega en tramitación no Ministerio de Transición Ecolóxica.**

O Goberno continúa adiante cos plans para a instalación de parques da eólica mariña co desenvolvemento do RD 150/2023, de 28 de febreiro, polo que se aproban os plans de ordenación do espazo marítimo das cinco demarcacións mariñas (POEM) e a tramitación da nova regulación pola que se regulará a produción de enerxía eléctrica en instalacións situadas no mar.

É coñecida a oposición do BNG aos POEM por aprobarse sen respectar o principio de precaución e sen contar cos estudos de impacto socioeconómicos e ambientais nas zonas fixadas polo Goberno para a ubicación destes polígonos. Precisamente esa foi a liña do BNG nas alegacións presentadas na fase de información pública do novo regulamento que foi sometido a exposición pública, terminada xa a fase de alegacións. Aínda fican outros trámites como o paso por Competencia e o Consello de Estado.

O Executivo destinou ao noso país en torno ao 43% da eólica mariña de todo o Estado. Uns dous mil quilómetros cadrados de costa entregados ás grandes corporacións eléctricas para montar parques eólicos sobre o maior número de caladoiros de todo o Estado.





Neste estado de cousas, debería ter realizado os informes científicos sobre os efectos dos aeroxeradores mariños nos ecosistemas e nos recursos pesqueiros. Así como os estudos de impacto socioeconómicos nas comarcas costeiras afectadas.

Algo que desde o inicio preocupou enormemente ao sector pesqueiro galego que teme o negativo impacto sobre os caladoiros e as repercusións nas biomásas de peixes.

De feito, o sector galego (aglutinado na Plataforma de Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños) presentou o ano pasado unha demanda ante o Supremo contra o RD. Aínda que non lles colleu por sorpresa o recente fallo do Supremo decidindo avaliar os plans do Goberno, resulta cuestionábel que non se admitisen como probas os Informes do IEO e do MAPA sobre o impacto dos parques da eólica mariña nos recursos pesqueiros. Unha situación que consideran os deixou nunha total indefensión xurídica.

Non é de estrañar que o sector se sinta desprotexido fronte a decisións que claramente favorecen os intereses de grandes compañías como Iberdrola, Capital Energy, Ferrovial, Repsol ou Invenergy.

Á marxe das decisións xudiciais que nun Estado de Dereito se poden cuestionar perfectamente, impórtannos as decisións políticas e executivas do Goberno por estar en marcha a solicitude de trece proxectos da eólica mariña na Galiza. Ate agora boa parte destes proxectos aproximábanse aos 500 megavatios de potencia, mais están a presentarse proxectos moi por riba desa potencia, de entre 800 e 1.575 megavatios.

Aparecen proxectos como o de Capital Energy (Xistral) que quer instalar na costa da Mariña de Lugo (Xove, Cervo, Burela) 54 aeroxeradores a situar nunha superficie de 92 quilómetros cadrados e cunha potencia total de 810. Ademais do tendido marítimo, hai que ter presente o tendido terrestre ate chegar á subestación eléctrica de transporte de Boimente.

Había un compromiso do Ministerio de Transición co sector da pesca, así expresado pola propia Ministra, de levar a cabo estudos socioeconómicos.



Nunha resposta ao BNG de finais de maio deste ano, o Ministerio limitábase a sinalar que “está previsto avanzar no coñecemento sobre a eólica mariña, en particular en relación aos efectos nos ecosistemas, a afección á pesca e o impacto paisaxístico”.

Indicaba o Ministerio que se vai desenvolver unha “renovada Estratexia de Participación, que irá acompañada dunha Mesa de Traballo específica co sector pesqueiro”.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Pode o Goberno informar sobre os proxectos de parques da eólica mariña para ser instalados na costa galega que presentaron a documentación ante o Ministerio? Pode detallar os megavattios de cada parque solicitado, o número de aeroxeradores e a superficie marítima e terrestre a ocupar?
2. Cal é a posición do Ministerio en relación aos proxectos que superan os 500 megavattios de potencia? Admitiría o Ministerio proxectos de semellante dimensión?
3. Esta o Ministerio avanzando no coñecemento da eólica mariña, levando a cabo os estudos sobre os efectos nos ecosistemas, na pesca e o impacto paisaxístico? De ser así, cando estarán finalizados e que metodoloxía se está a utilizar? Participa o sector pesqueiro na realización destes informes? E as organizacións ecoloxistas?
4. Ten ultimada a Estratexia de Participación co desenvolvemento da Mesa de Traballo específica co sector pesqueiro?
5. Esta o Ministerio dialogando co sector pesqueiro para abordar o tema da eólica mariña?



6. Non debería establecer unha moratoria dos POEM mentres non se teña terminados os informes de impacto ambiental e socioeconómicos?

Madrid, a 29 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a proyectos de parques eólicos a instalar en la costa galega en tramitación ante Ministerio de Transición Ecológica**

El Gobierno continúa adelante con los planes para la instalación de parques de la eólica marina con el desarrollo del RD 150/2023, de 28 de febrero, por lo que se aprueban los planes de ordenación del espacio marítimo de las cinco demarcaciones marinas (POEM) y la tramitación de la nueva regulación por la que se regulará la producción de energía eléctrica en instalaciones ubicadas en el mar.

Es conocida la oposición del BNG a los POEM por aprobarse sin respetar el principio de precaución y sin contar con los estudios de impacto socioeconómicos y ambientales en las zonas fijadas por el Gobierno para la ubicación de estos polígonos. Precisamente esa fue la línea del BNG en las alegaciones presentadas en la fase de información pública del nuevo reglamento que fue sometido la exposición pública, terminada ya la fase de alegaciones. Aún quedan otros trámites como el paso por Competencia y el Consejo de Estado.

El Ejecutivo destinó a Galiza en torno al 43% de la eólica marina de todo el Estado. Unos dos mil kilómetros cuadrados de costa entregados a las grandes corporaciones eléctricas para montar parques eólicos sobre lo mayor número de caladeros de todo el Estado.



En este estado de cosas, debería haber realizado los informes científicos sobre los efectos de los aerogeneradores marinos en los ecosistemas y en los recursos pesqueros. Así como los estudios de impacto socioeconómicos en las comarcas costeras afectadas.

Algo que desde el inicio preocupó enormemente al sector pesquero gallego que teme el impacto negativo sobre los caladeros y las repercusiones en las biomásas de peces.

De hecho, el sector gallego (aglutinado en la Plataforma de Defensa de la Pesca y de los Ecosistemas Marinos) presentó el año pasado una demanda ante lo Supremo contra lo RD. Aunque no les sorprendió el reciente fallo del Supremo decidiendo evaluar los planes del Gobierno, resulta cuestionable que no se admitieran como pruebas los Informes del IEO y del MAPA sobre el impacto de los parques de la eólica marina en los recursos pesqueros. Una situación que consideran los dejó en una total indefensión jurídica.

No es de extrañar que el sector se sienta desprotegido frente a las decisiones que claramente favorecen los intereses de grandes compañías como Iberdrola, Capital Energy, Ferrovial, Repsol o Invenergy.

Al margen de las decisiones judiciales que en un Estado de Derecho se pueden cuestionar perfectamente, nos importan las decisiones políticas y ejecutivas del Gobierno por estar en marcha a solicitud de trece proyectos de la eólica marina en la Galicia. Hasta ahora buena parte de estos proyectos rondaban los 500 megavatios de potencia, pero están presentándose proyectos muy por encima de esa potencia, de entre 800 y 1.575 megavatios.

Aparecen proyectos como el de Capital Energy (Xistral) que quiere instalar en la costa de A Mariña de Lugo (Xove, Cervo, Burela) 54 aerogeneradores a situar en una superficie de 92 kilómetros cuadrados y con una potencia total de 810. Además del tendido marítimo, hay que tener presente el tendido terrestre ate llegar a la subestación eléctrica de transporte de Boimente.

Había un compromiso del Ministerio de Transición con el sector de la pesca, así expresado por la propia Ministra, de llevar a cabo estudios socioeconómicos.



En una respuesta al BNG de finales de mayo de este año, el Ministerio se limitaba a señalar que “está previsto avanzar en el conocimiento sobre la eólica marina, en particular en relación a los efectos en los ecosistemas, la afición a la pesca y el impacto paisajístico”.

Indicaba el Ministerio que se va a desarrollar una “renovada Estrategia de Participación, que irá acompañada de una Mesa de Trabajo específica con el sector pesquero”.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Puede el Gobierno informar sobre los proyectos de parques de la eólica marina para ser instalados en la costa gallega que presentaron la documentación en el Ministerio? ¿Puede detallar los megavatios de cada parque solicitado, el número de aerogeneradores y la superficie marítima y terrestre a ocupar?
2. ¿Cuál es la posición del Ministerio en relación a los proyectos que superan los 500 megavatios de potencia? ¿Admitiría el Ministerio proyectos de tantas dimensiones?
3. ¿Está el Ministerio avanzando en el conocimiento de la eólica marina, llevando a cabo los estudios sobre los efectos en los ecosistemas, en la pesca y el impacto paisajístico? De ser así, ¿cuándo estarán finalizados y que metodología se está utilizando? ¿Participa el sector pesquero en la realización de estos informes? ¿Y las organizaciones ecologistas?
4. ¿Tiene ultimada la Estrategia de Participación con el desarrollo de la Mesa de Trabajo específica con el sector pesquero?
5. ¿Está el Ministerio dialogando con el sector pesquero para abordar el tema de la eólica marina?



6. ¿No debería establecer una moratoria de los POEM mientras no se tengan terminados los informes de impacto ambiental y socioeconómicos

Madrid, a 29 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso